



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) PARA O EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DAS DÚAS ENTIDADES

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

Por unha banda, dona, conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Por outra, don, director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), en virtude do Decreto 41/2016, do 7 de abril, e do previsto na disposición transitoria 3ª da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que actúa no exercicio das funcións delegadas polo Acordo do Consello de Dirección do 11 de xullo de 2013 (Resolución do 24 de xullo de 2013, DOG nº 148, do 5 de agosto).

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades teñen conferidas, recoñecendo mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formalizar este acordo de colaboración, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería do Medio Rural, de acordo co Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica desa consellería, é o órgano ao que lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal e mais estruturas rurais.

En particular, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural correspóndenlle, entre outras funcións, a elaboración, proposta e desenvolvemento das actuacións de fomento do desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego, da dinamización das áreas rurais de Galicia, da formulación de iniciativas e programas de desenvolvemento das zonas rurais, a execución das accións que contribúan á diversificación económica no medio rural, a xestión do plan de desenvolvemento comarcal, a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural, a mobilidade de terras con vocación agraria e a xestión de zonas regables.

Segundo. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), entidade de dereito público creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, modificada pola Lei 12/2008, do 13 de decembro, e pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e na coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio.



Agader está adscrita á Consellería do Medio Rural en virtude do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, e, segundo o Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Agader, ten atribuídas, entre outras, competencias en materia de xestión, control e seguimento dos programas de desenvolvemento rural e, en xeral, calquera acción que contribúa á diversificación económica e á modernización do tecido produtivo rural.

Terceiro. O 11 de setembro de 2014 o Consello da Xunta de Galicia ratificou o informe realizado pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (en adiante, a DXARA) no marco do III Plan de Avaliación de Entidades do Sector Público Autonómico de Galicia. No dito informe a DXARA recomenda que o ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) se constitúa como unha axencia pública autonómica refundindo as actuais estruturas organizativas, servizos, programas, recursos patrimoniais, económicos, materiais e humanos do actual ente público Agader e da actual Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico no seu artigo 14 sinala que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia

Pois ben, en aplicación da recomendación da DXARA, e co fin de ir realizando xa actuacións conxuntas entre o actual persoal dos servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias e de Agader ubicados nas xefaturas territoriais da consellería, o 7 de marzo de 2016 a Consellería do Medio Rural e Agader asinaron un convenio que tiña por obxecto establecer a colaboración entre ambas as dúas partes para prestar asistencia recíproca na execución das medidas, plans, programas e actuacións derivadas do exercicio das súas respectivas competencias. A vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2016.

Tendo en conta o anterior, e dado que aínda non se materializou a fusión recomendada pola DXARA, a Consellería do Medio Rural e Agader conveñen asinar este acordo de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto deste acordo é establecer a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para executar as medidas, plans, programas e actuacións que cada unha delas xestiona no exercicio das respectivas competencias.

A colaboración materializarase na seguinte asistencia recíproca que prestará o persoal das entidades asinantes do protocolo:

- a. Asistencia que prestará o persoal da Consellería do Medio Rural:
 - revisión de expedientes e estudo de solicitudes
 - emisión de actas de non inicio
 - emisión de informes de control de elixibilidade
 - realización de visitas de control
 - emisión de informes



b. Asistencia que prestará o persoal de Agader:

O persoal de Agader ubicado nas dependencias das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural prestará apoio no exercicio das funcións asignadas aos servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias realizando labores propias do persoal administrativo:

- escaneado e fotocopiado de documentación
- realización de traballos de tratamento de textos
- arquivo de documentación
- etc

Segunda. Procedemento.

1. A Consellería do Medio Rural habilitará a persoal dos órganos centrais, das xefaturas territoriais e das oficinas agrarias comarcais para realizar o apoio a que se refire a cláusula anterior. Para estes efectos, deberá remitirle a Agader unha relación do persoal habilitado para o desenvolvemento das tarefas previstas.

Agader planificará periodicamente o programa das accións que se van realizar e comunicaralles aos órganos administrativos competentes da consellería os planos das tarefas encomendadas. As actuacións do persoal habilitado axustaranse aos modelos de documentos que, para estes efectos, facilitará Agader.

Así mesmo, Agader cederalle o uso dos vehículos da súa titularidade que están nas xefaturas territoriais para que sexan utilizados polo persoal habilitado para o desenvolvemento das tarefas encomendadas. A Consellería do Medio Rural farase cargo dos gastos de combustible, mantemento e seguros dos vehículos cedidos, que son os seguintes:

- Citroen C4, matrícula 6085DPB na xefatura territorial da Coruña
- Peugeot 307, matrícula 6587DSB na xefatura territorial de Lugo
- Citroen C4, matrícula 2976DJR na xefatura territorial de Ourense
- Citroen C4, matrícula 2183DHB na xefatura territorial de Pontevedra

Os órganos administrativos dos que dependa o persoal habilitado remitiranlle a Agader, coa periodicidade que esta determine, os documentos de comprobación das actuacións realizadas, debidamente cubertos e asinados polo persoal habilitado, xunto con calquera outro documento ou informe que se derive da citada actuación. O xefe do servizo do que dependa o persoal habilitado será o encargado de asinar a certificación correspondente á realización da tarefa encomendada.

2. Agader habilitará a persoal ubicado nas dependencias das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural para que preste o apoio a que se refire a cláusula anterior. Para estes efectos, deberá remitirles aos servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias unha relación do persoal habilitado para o desenvolvemento das tarefas previstas.

Os servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias planificarán periodicamente o programa das accións que se van realizar e comunicaranlle á Secretaría Xeral de Agader os planos das tarefas encomendadas. As actuacións do persoal habilitado axustaranse aos modelos de documentos que, para estes efectos, facilitarán os servizos territoriais de infraestruturas agrarias.



A Secretaría Xeral de Agader remitiralle aos servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias, coa periodicidade que estes determinen, os documentos de comprobación das actuacións realizadas, debidamente cubertos e asinados polo persoal habilitado, xunto con calquera outro documento ou informe que se derive da citada actuación. A persoa titular da Secretaría Xeral de Agader será a encargada de asinar a certificación correspondente á realización da tarefa encomendada.

Terceira. Efectos e vixencia.

Este acordo de colaboración estenderá a súa vixencia desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

A conselleira do Medio Rural

O director xeral de Agader
PD (Resolución do 24.07.2013. DOG nº
148, do 5 de agosto)